

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASEIS DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

Na Casa do Concello de Valdoviño, no día dezaseis de decembro de dous mil dezaseis, reúnese a Corporación de Valdoviño en primeira convocatoria, ás vinte horas e dez minutos, para celebrar a sesión ordinaria deste día, que presidiu o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández e á que acudiron:

Asistentes:

Partido dos Socialistas de Galicia – Partido Socialista Obreiro Español PSdeG-PSOE

ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ
SERGIO SAAVEDRA GUTIÉRREZ
BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ
JESSICA SABIN FERNÁNDEZ
ALEJANDRO ANTONIO GARCIA SOUSA

Partido Popular- PP

JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO
ESTEBAN GARCÍA ALONSO
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ
MARIA CRISTINA FREIRE ANEIROS

Centristas de Valdoviño (CENVAL)

LUIS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ

Unidos por Valdoviño

MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES

Asistidos da secretaria municipal dona Carlota González Navarro.

Declárase polo Sr. Alcalde – Presidente aberta a sesión, e con arranxo á Orde do día trátanse os seguintes asuntos:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 18.11.16.-

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, prestou aprobación ao borrador citado.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

2º.- DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DA ALCALDIA. RELACIÓN NÚM. 11/2016 E DECRETOS FEITOS A TRAVÉS DO SIGEM (DO 28.11.16 A 12.12.16).-

Relación decretos relación 11/2016:

Nº	Data	Resumo do contido
487	11-11-16	Decreto de resolución dun expte sancionador de tráfico. Importe: 100€.
488	11-11-16	De inscrición da entidade "Escuela de Fútbol Base Amistade Meirás" no rexistro municipal de Asociacións do Concello.
489	15-11-16	Convocatoria sesión ordinaria Pleno da Corporación do 18.11.16.
490	15-11-16	Outorgando subvencións nominativas ás entidades Meirás Club de Fútbol, Unión Deportiva Lago e Agrupación Voluntarios protección civil.
491	15-11-16	Aprobación de licencia en 13 expedientes de obra menor.
492	15-11-16	Concedeselle ao funcionario S. L.V. o día 16.11.16 coma de asuntos propios.
493	15-11-16	De inscrición da entidade "Arco A Frouxeira" no rexistro municipal de Asociacións do Concello.
494	16-11-16	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de goberno local do 17.11.16
495	17-11-16	Aprobanse as cotas do SAF de outubro/2016. Importe total: 6.972,66€.
496	17-11-16	Resolución de inicio de 5 exptes de procedementos sancionadores de tráfico. Importe principal: 1000€; bonificado: 500€.
497	17-11-16	Polo que se incoa expte referencia OE15/2016, ordeando a propietario limpeza de masa vexetal nas condicións precisas en Lavacerido-Meirás.
498	17-11-16	Autorizando á AAVV As Chaves-Loira realización acitividade en local social e ruta turística con quads e motos por viais municipais.
499	17-11-16	Autorízase celebración o 19.11.16 de cena baile 7º aniversario amigos de Lavaceiro en Meirás.
500	17-11-16	De pagamento de subvencións nominativas.
501	17-11-16	Aprobase a extinción do SAF á usuaria P.C.S por ingreso en residencia de tutela de persoas adultas.
502	21-11-16	De inscrición da entidade "Asociación de vecinos da parroquia de Meirás San Vicente" no rexistro municipal de Asociacións do Concello.
503	21-11-16	De inscrición da entidade deportiva "Unión Deportiva Lago" no rexistro municipal de Asociacións do Concello.
504	21-11-16	Aprobación de gasto de acción social conforme ao artigo 19 do Acordo negociador das condicións de traballo dos funcionarios do concello.
505	23-11-16	Concedenselle ao funcionario OM. F.R. os días 28, 29 e 30 de novembro e 1, 2 de decembro coma de asuntos propios.
506	23-11-16	Concedenselle ao traballador laboral J G. D.M. os días 5, 7, e 9 de decembro coma de asuntos particulares.

507	23-11-16	Concedeselle ao traballador do concello JJ. P. F. o día 28 de novembro coma de asuntos propios.
508	24-11-16	Aprobación de expediente de modificación de crédito nº 30/2016. Importe total: 20.989,37 euros.
509	24-11-16	Requerindo á “Viaqua” documentación para recoñecemento de débeda e acordos derivados.
510	24-11-16	Aprobanse as retribucións dos funcionarios de novembro por importe bruto de 53.725,03€; do persoal laboral por 16.851,80€ e as destinadas aos concelleiros a abonar en novembro por 5.008,43 euros.
511	24-11-16	Resolvendo correxir o decreto 433-bis de 11.10.16 relativo á aprobación proxectos técnicos de aforro e eficiencia enerxética.
512	24-11-16	Convocatoria de sesión extraordinaria e urxente de Xunta de goberno local do 24.11.16.
513	24-11-16	De concesión de licencia en 37 expedientes de obra menor.

Relación decretos feitos a través do SIGEM (dende 28.11.16 a 12.12.16)

514/2016.- Tarxeta de minusvalía

515/2016.- Extinción do Servizo de Axuda no Fogar a usuario

516/2016.- Convocatoria Xunta goberno local do 01.12.16

517/2016.- Anulado

518/2016.- Aprobación relación facturas F/2016/16

519/2016.- Nomeamento tesoureiro accidental

520/2016.- Convocatoria sesión Xunta goberno local do 09.12.16

521/2016.- Subvención salvamento e socorrismo 2017.- Deputación da Coruña

522/2016.- Extinción do Servizo Axuda no Fogar a usuario.

523/2016.- Tarxeta de minusvalía.

524/2016.- Aprobación relación facturas F/2016/18.

O Pleno tomou coñecemento dos decretos mencionados.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Intervén o Sr. Alcalde, para dicir que se ideaba traer asuntos pero que non se puido ao estar sen rematar o traballo dos técnicos: O asunto do camping municipal, a contratación do SAF e o PAI (do que se precisa facer modificación do regulamento aprobado inicialmente). Engade que vai haber comisións informativas previas para tratar os asuntos descritos.

Comenta tamén que respecto á axuda do Plan de Acción Costeira (GAL) do que se dixo que Valdoviño estaba como 1º posto, suplente, a Consellería a semana pasada comunicou a concesión de axuda. Que se conta cuns 140.000 euros en dous anos e que teremos 40.000 euros de fondos propios; que haberá complementación coa axuda dos socios (Clubes do concello, que aportarán no ano 2017).

/Incorporase á sesión o concelleiro Sr. Sergio Saavedra Gutiérrez/.

Segue o Sr. González Fernández informando de:

- .- De que se vai a comezar coa obra da Casa da Cultura. Por elo pecharase por seguridade, aínda que se manterán actividades.
- .- De que no día de hoxe saíu na prensa anuncio de licitación de obra, derivada de convenio coa Deputación, e cita os traballos que comprende o proxecto desta obra.
- .- De que se convocarán mesas de contratación para as obras do PAS 2015.
- .- De que o grupo municipal do Partido Popular trasladou propostas que hai que estudar.
- .- De que o sistema do POS 2017 é diferente, tendendo a posibilitar a autonomía local. Que en total para Valdoviño dende a Deputación destinan sobre 730.000 euros si se cumpren polo concello todas as condicións. Que para o POS 2017 son uns 321.000 euros.

/Incorporase á sesión a concelleira Sra. Jessica Sabín Fernández/

- .- De que se vai abordar o orzamento do 2017 con outra perspectiva (porque sabemos de antemán a capacidade económica).
- .- De que temos obriga de ir a Plan Complementario .
- .- De que houbo reunión cos Alcaldes na Deputación o mércores desta semana, na que se lles explicou o POS 2017; reunión á que acudiu xunto coa interventora do concello.

INTERVENCIÓN DO SR. AMENEIROS SERANTES DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

- .- Reitera se actúe en relación á petición que ten feita nas sesións plenarias de creación dun parque (posibilitando creación de núcleo en Valdoviño).
- .- Que se facilite a participación e preguntas de veciños a través de whatsapp.
- .- Que se traballe no sistema de canalización do saneamento en Montefaro. (con propostas de proxecto incluso co concello limítrofe de Narón).

Considera interesante optimizar servizos con outros concellos (e implicar tamén a Augas de Galicia). E considera que a Xunta debe de facer unha grande inversión en Valdoviño.

- .- Pregunta si se instalaren as bombas na obra do Porto do Cabo. Respondelle o Sr. Alcalde que estaban para colocar esta semana.

.- Aprecia a necesidade de que no novo orzamento se contemplen axudas para os veciños, en coordinación cos servizos sociais municipais para o IBI, PAI, IVTM, e outros impostos.

.- Opina respecto á nova rotonda (na estrada da baixada á praia) que aínda que a intención fose boa, o resultado é pésimo e isto agora que aínda non hai moito tráfico.

Defende o Sr. Alcalde o feito de que se pretendou regular ese punto, e que as rotondas son en certa medida espazos de ordenación. Que se lle trasladou a problemática á Deputación Provincial cunha proposta de enxeñería.

Alude o Sr. Beceiro a que entón os concellos teñen algo que dicir respecto ás estradas da Deputación, porque se ten afirmado nas sesión dos Plenos que o Concello non ten decisión en cuestión de actuación nestas estradas.

O Sr. Vigo Lago e o Sr. Garcia Alonso coinciden en que é lamentable o que se fixo poñendo a rotonda ahí, porque se requería dunha planificación previa e que o trazado está mal feito.

.- O Sr. Ameneiros retoma a importancia de valorar tamén o tema da Estrada de Meirás e de Castro e da que vai a Vilaboa; que teñen tramos onde as casas están moi pegadas á estrada; dicindo o Sr. Alcalde de que comentou isto á Deputación e que se precisa nesas estradas facer algúns espazos de peóns.

.- O concelleiro do BNG critica tamén que non se actuou na estrada de Aviño e o Sr. Vega di que sí se actuou.

.- Destaca tamén a importancia de que Valdoviño poña en valor algún castro fomentando o patrimonio do municipio e responde o Sr. Alcalde que se vai tramitar iso, así a Xunta vai limpar o castro de Lodeiro e nolo vai ceder.

O concelleiro de UNIDOS POR VALDOVIÑO, Sr. BACORELLE ROBLES, manifesta que non vai intervir, trala invitación do Alcalde á participación do seu grupo dentro deste punto de actividade de control do Pleno.

INTERVENCIÓN DO SR. BECEIRO RODRIGUEZ, DO GRUPO MUNICIPAL DE CENVAL.-

.- Critica o feito de que pese ao dito polo Sr. Alcalde de que se ían facer comisións, non se convocase ningunha.

Xustifica o Sr. Alcalde a falta de convocatoria en que non había asuntos preparados para ser informados, pero que en todo caso podese facer Xunta de voceiros.

.- Pregunta acerca da problemática reiterada da Lagoa da Frouxeira.

Responde o Sr. Alcalde que a Xunta non tivo moita actividade, pois tralo novo mandato aínda saíu hoxe publicada a súa estrutura orgánica. Pero que se iniciou o protocolo de apertura da Lagoa.

INTERVENCIÓN DO SR. VIGO LAGO, VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

.- Interesase polo contido do decreto 453/16, indicandolle o Alcalde de que o poderá ver.

.- Pregunta acerca de asunto de entrada do rexistro municipal de dilixencia de embargo a FIMPIR, dicindo que quereda ver o escrito.

Responde o Sr. Alcalde de que non está na sesión a interventora por asunto persoal e porque ademais non ten que estar ao non haber asuntos económicos, pero que poderá ver o escrito.

.- Di que no pleno anterior preguntou sobre instalacións eléctricas de led e se lle dixo que estaban incluídos os cadros.

Sr. Vega e Sr. Alcalde.- Includos os elementos dos cadros e as tomas de terra.

Sr. Vigo.- Habera certificado de que cumpren.

Sr. Alcalde.- Claro.

Sr. García Alonso.- Di que supón que se pasará unha copia dixital dos pregos das distintas contratacións pendentes.

.- Pregunta de novo sobor do tubo levantado na zona da Lagoa, sobre o que preguntara na pasada sesión plenaria.

Afirmalle o Sr. Vega e o Sr. Alcalde que se interesaron polo tema e de que non hai ningún problema, que o levantamento produciuse debido a unha maior presión nesa zona.

Rematadas as intervencións dos grupos, e sendo as vinteunha horas e quince minutos, o Sr. Alcalde desexa aos presentes un Bo Nadal e anuncia o remate e levantamento da sesión, da que como Secretaria, estendo a presente acta e CERTIFICO o seu contido.

A Secretaria,

O Alcalde,